

## CONCURSO DE CIENCIAS “BALTASAR MERINO” CURSO 2025-26

O departamento de **Ciencias do Colexio Apóstol Santiago de Vigo** convoca o concurso anual de ciencia e tecnoloxía dirixido a todo o alumnado da ESO e Bacharelato.

### BASES

**1- Modalidade de participación:** Deseño, desenvolvemento e presentación dun proxecto de ciencias.

Establécense dúas categorías:

- 1º, 2º, 3º da ESO.
- 4º ESO, 1º, 2º de Bacharelato.

O traballo pode realizarse de modo individual ou en equipos de ata 2 alumn@s.

**2- Tema:** A temática é libre, sempre que esté relacionado coa ciencia, pero dende o colexio propónse este ano a temática da Ciberseguridade.

**3- Formato:** O alumnado participante debe crear un vídeo e presentar unha memoria.

- **Vídeo:** Debe ter **un máximo dun minuto** de duración, onde se expoña en **formato horizontal** e en galego ou castelán o traballo a presentar. O vídeo debe subirse á conta de **OneDrive** do alumnado que o presenta. [Como preparar o vídeo](#)
- A memoria, terá o **formato** seguinte:
  - Letra Arial 11. - Interliñado 1.5. - Títulos de apartados en negra. - Máximo tres páxinas con imaxes incluídas.
  - O PDF deberá constar dos seguintes apartados:
    1. **TÍTULO DO PROXECTO.** (Máx. 80 caracteres con espazos). Baixo o título débese incluír unha imaxe descritiva do proxecto.
    2. **DATOS PERSOAIS.** Nome e apelidos do/as autores/as do proxecto e nome do centro educativo.
    3. **RESUMO DO PROXECTO.** O resumo do traballo recollerá os aspectos máis relevantes dos diferentes apartados da descrición do traballo. Establécese un mínimo de 600 caracteres e un máximo de 800 caracteres utilizando un estilo divulgativo para explicar en que consiste o proxecto en cuestión.
    4. **INTRODUCCIÓN.** Breve recordatorio do tema en estudo (coas citas adecuadas) xustificando o seu interese e expoñendo os seus obxectivos (máx. 800 caracteres con espazos).
    5. **PROPÓSITO DO TRABAJO.** É necesario detallar a finalidade do traballo (máx. 800 caracteres con espazos).
    6. **ESTUDO DO ESTADO DA ARTE.** É necesario indicar todos aqueles desenvolvementos de última tecnoloxía realizados ata a data, así como as fontes de onde se obtivo a información da idea e exposición do traballo (máx. 800 caracteres con espazos).
    7. **HIPÓTESE.** Mediante esta prevese o posible resultado da investigación (máx. 800 caracteres con espazos).

8. **MATERIAL E MÉTODOS.** Ha de describir o proceso seguido para levar a cabo a investigación (máx. 800 caracteres con espazos).
9. **RESULTADOS.** Ha de expoñer os resultados obtidos. É necesario achegar a súa interpretación e análise (máx. 800 caracteres con espazos).
10. **CONCLUSIÓN.** Xeneralizacións que se poden realizar en base aos resultados obtidos. Enunciado dos novos coñecementos derivados do traballo unha vez contrastados coa literatura existente sobre o tema (máx. 800 caracteres con espazos).
11. **BIBLIOGRAFÍA.** É necesario indicar de forma detallada os arquivos, hemerotecas, fontes orais, fotografías utilizadas así como posibles visitas a lugares singulares... (máx. 800 caracteres con espazos).

**4- Entrega:** A memoria, en formato pdf, xunto co link ao vídeo en OneDrive, e máis os correos electrónicos de todos os participantes, debe ser enviada ao correo electrónico [dptociencias@colegioapostol.com](mailto:dptociencias@colegioapostol.com)

**5- Prazos:** O derradeiro día para enviar a memoria en pdf por correo electrónico será o 1 de marzo.

**6- Xurado:** O xurado estará composto polo profesorado do departamento de Ciencias.

**7- Premios:** Establécense tres premios por categoría:

- Primeiro premio: bono para gastar no comercio local de Teis por valor de 100 euros
- Segundo premio: bono para gastar no comercio local de Teis por valor de 50 euros
- Terceiro premio: bono para gastar no comercio local de Teis por valor de 25 euros.

**8- Criterios de selección:** O xurado debe fixarse nos seguintes aspectos, cada un dos cales será puntuado desde o 1 ata o 5 (sendo o 5 a mellor valoración). As porcentaxes que se indican entre parénteses significan o peso que supón a puntuación dese aspecto concreto sobre o total.

**Innovación e creatividade (25 %)**

Valorar o grao de proposición de solucións novas e diferentes para resolver problemas ou situacións acontecidas. Valorar a creatividade para desenvolver ideas e o tránsito destas ideas á implantación das posibles solucións.

**Rigor metodolóxico (20%)**

Valorar que o proxecto presentado se mantén dentro do marco científico, desde a aproximación inicial ao obxecto de estudo, pasando pola análise e presentación dos resultados. As ideas están ordenadas de maneira lóxica e progresiva, de forma que se pode seguir o fío do traballo de maneira clara e comprensible. Ademais, dedica o tempo adecuado a cada apartado, mencionando as ideas principais de maneira que se pode comprender facilmente o que explica.

**Autoría alumnado (25%)**

Valorar a autoría real do alumnado que expón o proxecto. Queda claro que sabe do que fala, nótase que fixo el/ela o traballo.

**Defensa oral, comunicación e vocabulario (20%)**

Valorar a utilización do vocabulario adecuado. Comunicación clara e concisa.

**Montaxe e duración do vídeo e/ou presentación no stand (10%)**

Respecta o tempo establecido e a súa montaxe é correcta.

**9- Fallo do xurado:** Os ganadores serán informados por correo electrónico nun prazo aproximado de 2 semanas antes da entrega de premios. Os mellores traballos expoñeranse na entrada do salón de actos.

**10. Entrega de premios:** Celebrarase na gala de premios do Colexio Apóstol Santiago, con data a confirmar.

**11. Difusión:** Os traballos premiados poden ser difundidos polas redes sociais do centro.

A presentación ao concurso supón a aceptación destas bases.

## **12. Participación opcional en Galicia**

Co obxectivo de facilitar a participación do alumnado do Colexio Apóstol Santiago na feira científica Galicia, ofrécese a posibilidade de que os proxectos presentados ao Concurso Baltasar Merino se inscriban tamén neste evento, que se celebrará no parque Tecnolóxico de Galicia (Orense) do 13 ao 15 de maio.

O alumnado ou equipos interesados deberán indicalo expresamente no momento de enviar a súa memoria ao concurso, indicando no correo electrónico “SI, desexo participar tamén en Galicia cos mesmos autores/as e co mesmo proxecto” ou “NON, non desexo participar en Galicia” e axuntando fotografía da seguinte cláusula firmada (solo no caso de querer participar en Galicia; Non é obrigatorio)

### ***Cláusula de protección de datos para Galicia***

Tecnópole garante o correcto tratamento dos datos de acordo ao RXPD (Regulamento xeral de protección de datos) e a lexislación española vixente. PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A., como responsable, fará uso da información persoal, incluída imaxe/voz, coa finalidade de posibilitar a súa participación na Galicia, sendo a base xurídica a prestación do servizo. Poñemos todo o coidado e contamos coas medidas que a lei esixe para que a información persoal facilitada e/ou o resultado do seu tratamento non chegue a terceiros, salvo imposición legal, encargados de tratamento ou logo do seu consentimento. Teñen dereito a exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, supresión, limitación e oposición, así como solicitar a súa portabilidade, determinados pola Lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, dirixíndose por escrito ao seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Edif. CEI, San Cibrao das Viñas, 32900 Ourense. Ou no e-mail: dpo@tecnopole.gal O titor/a autoriza e manifesta que obtivo autorización dos pais ou titores dos alumnos/as para que participen na actividade de Galicia organizada por Tecnópole, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Para participar en Galicia, o alumnado debe aceptar as condicións establecidas por Tecnópole – Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

### **Autorización para uso de imaxe e difusión**

Eu \_\_\_\_\_ coma Pai/Nai/Titor/a do alumno/a \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_(Nome e apelidos) autorizo a que Tecnópole, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., faga uso da imaxe, voz e información achegada para a difusión en redes sociais e web co obxectivo de promocionar Galicia, aplicándose as cláusulas anteriores en materia de RXPD, Fun informado/a, e entendo e acepto estas condicións.

Eu \_\_\_\_\_ coma Pai/Nai/Titor/a do alumno/a \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_(Nome e apelidos) autorizo a que Tecnópole, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., faga uso da imaxe, voz e información achegada para a difusión en redes sociais e web co obxectivo de promocionar Galicia, aplicándose as cláusulas anteriores en materia de RXPD, Fun informado/a, e entendo e acepto estas condicións.